

# Galicia Encantada



ANIVERSARIO  
2005 \* 2025  
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

## Literatura oral

### *[conto] A carreira do sapo e o raposo*

Iba o raposo e o sapo a ver quen chegaba antes a un punto determinado, non. O sapo de que chegaba el e a raposa que chegaba ela.

Entonces apostaron e entonces pois claro, botaron a correr i o sapo enganchóuselle ó rabo á raposa. E corre, corre, corre, corre, chegou a raposa ó punto de destino. E parouse, sentouse e volveuse a mirar pa atrás a ver donde viña o sapo. E non o viu.

Entonces o sapo, vai, tócalle na espalda e, claro, a raposa [sorpresa]. Resulta que [o sapo] chegou antes ó punto porque a raposa antes de chegar deuse a volta e quedoulle o rabo xusto no punto de destino. Entonces chegou o sapo antes ó punto de destino có raposo.

## BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

Arquivo Chaira: Transcrición da versión oral de LUIS NÚÑEZ, Lugo. abril de 1998.